

**INFORME CLIMATOLÓXICO
MES DE FEBREIRO DE 2016**



ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN	3
2	DESCRIPCIÓN SINÓPTICA DO MES	4
3	ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA	5
4	RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.	7
5	TEMPERATURA	7
5.1.	Temperatura media das máximas.	10
5.2.	Temperatura media das mínimas.	11
5.3.	Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.....	12
5.4.	Evolución da temperatura media no período 1961-2016.....	16
6	PRECIPITACIÓN	17
6.1.	Precipitación acumulada mensual Febreiro 2016	17
6.2.	Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.	18
6.3.	Días de chuvia en febreiro de 2016	19
6.4.	Evolución da precipitación en febreiro de 2016	21
7	VENTO	22
8	RADIACIÓN SOLAR	27
8.1.	Mapa de irradiación solar mensual.....	27
8.2.	Anomalía de insolación con respecto ó valor normal	28
9	RAIOS.....	29

Anexo: Resumo mensual

Data edición: 30-11-2016- corrección táboa da páxina 22.

Mes extremadamente húmido e normal en canto á temperatura media.

1 INTRODUCCIÓN

Neste informe considérase o período climático de referencia **1981-2010**. Así, as anomalías calculadas nas táboas, mapas e gráficos, e percentiles calcúlanse con respecto a este período de referencia.

Para caracterizar o mes en función da temperatura considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
< mínimo en 1981-2010	Extremadamente frío
Entre 5% e 20%	Moi frío
Entre 20% e 40%	Frío
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Cálido
Entre 80% e 95%	Moi cálido
>máximo en 1981-2010	Extremadamente cálido.

Táboa 0.1. Cualificación do mes en función da temperatura.

Para caracterizar o mes en función da precipitación considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
< mínimo en 1981-2010	Extremadamente seco
Entre 5% e 20%	Moi seco
Entre 20% e 40%	Seco
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Húmido
Entre 80% e 95%	Moi Húmido
>máximo en 1981-2010	Extremadamente Húmido.

Táboa 0.2. Cualificación do mes en función da precipitación.

2 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES

O mes de febreiro quedou caracterizado en xeral pola continua chegada de borrascas dende o Atlántico, moitas delas moi profundas e activas, acompañadas de ríos atmosféricos, que deixaron moitas xornadas de chuva intensa e escasa oscilación térmica, o que explica que as temperaturas mínimas sexan altas para un mes de febreiro, sen apenas días de xeadas, mentres que as máximas estean por debaixo dos valores climáticos normais.

Sen embargo, os primeiros 5 días do mes non entraron nese patrón xa que as altas presións foron predominantes, polo que neses días apenas se rexistraron precipitacións.

Os días 1 e 2 foron de elevadas temperaturas, principalmente nos valores mínimos, tendendo a descender os días 3, 4 e 5 rexistrándose algunhas xeadas no interior os días 4 e 5.

Esta tendencia anticiclónica mudou bruscamente na xornada do día 6 cando o achegamento dunha primeira borrasca profunda deixou unha xornada de fortes ventos e chuvias intensas en toda Galicia, principalmente nas horas centrais do día.

Nas xornadas do 7 e o 8 a inestabilidade e as chuvias intermitentes estiveron presentes en todo o territorio galego, con chuvascos e baixada de temperatura.

O día 9 unha nova borrasca achegaba unha fronte activa que deixou novamente chuva xeneralizada e por momentos de intensidade moderada, pero con ascenso das temperaturas mínimas.

O mal tempo continuou nos seguintes días polo que entre o 10 e o 14 tivemos 5 xornadas moi semellantes e ventos do oeste entre moderados e fortes, ceos cubertos, chuvias xeneralizadas e moi persistentes e temperaturas suaves con escasa oscilación térmica. Dentro do episodio cómpre salientar os días 12 e 13 cando unha fronte e un río atmosférico particularmente activos deixaban precipitacións que nalgúns puntos do suroeste galego superaron os 100 L/m² en 24 horas. Este intenso episodio rematou na tarde do día 14 e na primeira metade do 15 cun importante temporal marítimo que ocasionou unha alerta vermella por ondas e tamén con fortes nevaradas que acumularon cantidades significativas por riba dos 1000 metros de altura.

As 48 horas que van dende o mediodía do 15 ata o mediodía do 17 foron estables, cunha situación anticiclónica, pero o 17 na segunda metade unha nova borrasca achegaba aire frío e inestabilidade polo que os chuvascos e a neve por riba dos 1000 metros de altura foron de novo os protagonistas da situación, tanto na tarde do 17 como nas xornadas do 18 e 19, con

algo máis de neve o 18 e temperaturas moi baixas con importantes xeadas nas primeiras horas do 19.

A fin de semana do 20 e o 21 estivo marcada pola situación anticiclónica, con ceos moi abertos e temperaturas altas durante a tarde, con máximas rozando os 20°C en puntos da metade sur.

Nos seguintes dous días, 22 e 23 a Comunidade galega quedou nun área intermedia entre altas e baixas presións, con ventos de oeste que aportaron humidade e polo tanto tivemos ceos máis toldados e algunhas chuvias febles, manténdose as temperaturas suaves, aínda que descendendo os valores diúrnos con respecto aos que se acadaran nas dúas xornadas anteriores.

Na tarde do 23 o achegamento dunha borrasca ocasionaba un empeoramento nas condicións meteorolóxicas que deixaba xa pola tarde-noite chuvias xeneralizadas e baixada de temperatura.

O mal tempo asociado a esta borrasca mantívose ata o día 27, cambiando os ventos nas xornadas do 26 e 27 a compoñente norte, o que achegou aire frío procedente do atlántico norte e deixou neve por debaixo dos 1000 metros de altura.

A situación foi mellorando progresivamente nas dúas derradeiras xornadas do mes, 28 e 29, xa que as baixas presións desprazáronse cara ao Mediterráneo occidental e o anticiclón localizado sobre o Atlántico foi aportando algo máis de estabilidade. De tódolos xeitos mantivéronse nestas dúas xornadas as baixas temperaturas diúrnas.

3 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA

Nas figuras de anomalía de presión en superficie (Figura 1) e a 500 hPa (Figura 2), pódese ver que as presións foron máis baixas do normal ao norte das Illas Británicas, o que favorece o achegamento das borrascas atlánticas que explican a cantidade de chuvia acumulada por riba do normal durante o mes. Tamén vese cómo as presións foron máis altas do normal ao oeste de Azores polo que os ventos predominantes foron de compoñente oeste e ademais os valores de temperatura mínima foron suaves, pero as máximas estiveron en xeral por debaixo dos valores climáticos.



Anomalías de presión atmosférica a nivel medio do mar. Febreiro 2016




Figura 1: Anomalías de presión en superficie.

Anomalías de xeopotencial no nivel de 500 hPa. Febreiro 2016




Figura 2: Anomalías de xeopotencial en 500hPa.

4 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de MeteoGalicia (Coruña-Torre de Hércules, Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos, no período 1981-2010, para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-estación completa / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET, e Lourizán, de MeteoGalicia).

O valor climático corresponde ao promedio destes 30 anos para o mes considerado. Móstranse tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m²). O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.

A CORUÑA

	FEBREIRO 2016	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	11.3	11.0	14.1 (2008)	5.8 (1956)
Tª mínima media	9.1	8.0	10.8 (1990)	2.7 (1956)
Tª mínima absoluta	4.2 (día 19)	-3.0 (22/02/1948)		
Tª mínima máis alta	14.0 (día 12)	15.8 (16/02/1958)		
Tª máxima media	13.6	14.0	17.9 (2008)	9.0 (1956)
Tª máxima absoluta	16.9 (día 5)	27.4 (28/02/1960)		
Tª máxima máis baixa	10.5 (día 27)	2.6 (11/02/1956)		
Precipitación acumulada	160	70-98	250 (1979)	10 (2012)
Días de chuvia (≥1mm)	17	12	25 (1963)	3 (1993)

Comentario: Mes lixeiramente cálido tendo en conta as temperaturas medias, mentres que foi cálido para as mínimas e normal para as máximas.

A chuvia rexistrada foi moi superior ao rango de valores normais, polo que o mes considérase moi húmido nesta localidade. Iso reflíctese tamén no número de días de chuvia, que supera amplamente ao valor climático agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1931-2016 Temperatura: 1948-2016



SANTIAGO

	FEBREIRO 2016	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	8.9	9.4	11.8 (1998)	7.6 (2015)
Tª mínima media	6.0	5.3	9.0 (1990)	2.8 (2006)
Tª mínima absoluta	-0.9 (día 19)	-2.7 (16/02/1983)		
Tª mínima máis alta	12.5 (día 12)	13.8 (03/02/2004)		
Tª máxima media	11.8	13.5	17.6 (1998)	10.7 (2015)
Tª máxima absoluta	18.6 (día 21)	23.0 (27/02/2009)		
Tª máxima máis baixa	6.6 (día 27)	3.6 (04/02/1994)		
Precipitación acumulada	266	149-188	405 (2010)	6 (2012)
Días de chuvia (≥1mm)	18	13	24 (2014)	3 (2004)

Comentario: Mes frío cun gran contraste entre as temperaturas máximas e as mínimas. Onde, as primeiras resultaron moi frías e as segundas cálidas.

A precipitación acumulada é moi superior ao rango de valores normais, polo que o mes considérase moi húmido. O número de días de chuvia tamén é moi superior ao agardado.

* Valores climáticos 1982-2010. Precipitación:1982-2016. Temperatura: 1982-2016

LUGO

	FEBREIRO 2016	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	7.5	7.2	10.1 (1990)	3.5 (1981)
Tª mínima media	3.6	2.5	6.2 (1990)	-1.1 (1981)
Tª mínima absoluta	-2.2 (día 4)	-9.0 (17/02/1983)		
Tª mínima máis alta	10.1 (día 12)	15.0 (28/02/1987)		
Tª máxima media	11.3	11.9	16.2 (2008)	8.0 (1981)
Tª máxima absoluta	18.0 (día 21)	23.7 (27/02/1997)		
Tª máxima máis baixa	6.2 (día 28)	1.4 (20/02/1996)		
Precipitación acumulada	189	61-88	217 (2014)	16 (2011)
Días de chuvia (≥1mm)	18	10	19 (2015)	3 (1998)

Comentario: Mes normal en temperatura media, no que as mínimas resultaron moi cálidas, mentres que as máximas foron frías.

A precipitación acumulada foi moi superior ao rango de valores normais, polo que o mes considérase extremadamente húmido. O número de días de chuvia tamén foi moi superior ao rango de valores normais para esta variable.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1981-2016. Temperatura: 1981-2016



PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	FEBREIRO 2016	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	10.6	10.1	12.8 (2008)	8.2 (1969)
Tª mínima media	7.0	5.1	9.9 (1966)	2.1 (2005)
Tª mínima absoluta	0.4 (día 19)	-5.9 (12/02/2012)		
Tª mínima máis alta	14.3 (día 12)	14.5 (15/02/1995)		
Tª máxima media	14.2	15.2	18.9 (1998)	12.1 (1986)
Tª máxima absoluta	19.3 (día 20)	24.8 (25/02/2000)		
Tª máxima máis baixa	9.2 (día 17)	5.0 (18/02/1981)		
Precipitación acumulada	298	121-170	526 (1979)	4 (2012)
Días de chuvia (≥1mm)	16	12	26 (2014)	2 (2012)

Comentario: Mes cálido debido principalmente ás mínimas que resultaron moi cálidas en contraste coas máximas segundo as cales o mes resultou frío.

A precipitación é moi superior ó rango de valores normais, polo que o mes considérase moi húmido. O número de días de chuvia tamén é superior ao esperado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación: 1958-2016. Temperatura: 1958-2016

OURENSE

	FEBREIRO 2016	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	9.2	9.3	12.4 (1990)	6.9 (2005)
Tª mínima media	4.6	3.3	8.0 (1990)	-0.6 (2012)
Tª mínima absoluta	-1.3 (día 16)	-5.9 (12/02/2012)		
Tª mínima máis alta	11.3 (día 8)	14.4 (11/02/2007)		
Tª máxima media	13.8	15.3	18.9 (1998)	12.1 (1986)
Tª máxima absoluta	20.2 (día 21)	24.8 (25/02/2000)		
Tª máxima máis baixa	6.6 (día 17)	5.0 (18/02/1981)		
Precipitación acumulada	163	54-68	245 (1979)	3 (2005)
Días de chuvia (≥1mm)	13	9	23 (2014)	1 (2012)

Comentario: Mes normal no que novamente atendendo á temperatura mínima o mes resultou moi cálido e atendendo as máximas, resultou frío.

A precipitación rexistrada foi moi superior ao rango de valores normais resultando extremadamente húmido.

O número de días de chuvia tamén foi superior ao esperado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación: 1973-2016. Temperatura: 1972-2016

5 TEMPERATURA

As temperaturas medias non estiveron en xeral moi afastadas do que se pode considerar normal nun mes de febreiro, aínda que si predominou un comportamento de escasa oscilación térmica, con moitos días de nubes e precipitacións. Nesas xornadas as mínimas eran suaves pero o termómetro apenas era quen de subir. Polo que, se examinamos por separado os valores mínimos e os máximos, atopamos valores mínimos por riba dos normais e febreiro, pero as máximas por debaixo do normal, polo que as horas diúrnas foron en xeral frías.

5.1. Temperatura media das máximas.




Figura 3: Mapa de temperatura media das máximas do mes de febreiro de 2016.

O valor medio das temperaturas máximas no mes de febreiro para Galicia, a partir dos valores do mapa, foi de 14.8 °C. Os valores máis baixos rexistráronse na zona de Pena Trevinca, con valores próximos aos 0 °C e os valores máis altos (entorno aos 14.5 °C) rexistráronse, principalmente no curso do Río Miño, principalmente no seu paso polas comarcas do Baixo Miño, O Condado e A Paradanta, na provincia de Pontevedra.

5.2. Temperatura media das mínimas.

O valor medio das temperaturas mínimas no mes de febreiro para o territorio galego foi de 3.8 °C, sendo os valores máis baixos os rexistrados en Pena Trevinca, e nas zonas máis altas de Cabeza de Manzaneda (preto dos -3.0 °C) e os máis altos na Ría de Vigo, e en outros puntos moi localizados do litoral Coruñés, no que destaca a Cidade de A Coruña (con máis de 9 °C).




Figura 4: Mapa de temperatura media das mínimas do mes de febreiro de 2016.

5.3. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.

A anomalía da temperatura media no conxunto de Galicia neste mes de febreiro, tendo en conta a media dos valores do mapa, foi de -0.1 °C. As serras do Suído e do Testeiro, así como a serra do Laboreiro, e as zonas máis altas das provincias de Ourense e Lugo, resultaron as máis frías, con anomalías próximas aos -2.5 °C. Outras zonas pola contra resultaron lixeiramente cálidas, destacando a Comarca de Coruña, e a Terra Chá luguesa.




Figura 5: Mapa de anomalía de temperatura media (°C) de febreiro respecto ao período 1981-2010.

A táboa 1 mostra as anomalías positivas máis destacables nos concellos da nosa Comunidade, con respecto ó período climático 1981-2010. As anomalías máis altas neste mes de febreiro foron na comarca de Sarria.

Anomalías <u>máis altas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Sarria	Lugo	1.8
Páramo (O)	Lugo	1.5
Cambre	A Coruña	1.2
Láncara	Lugo	1.0
Corgo (O)	Lugo	0.9
Bóveda	Lugo	0.9
Mondoñedo	Lugo	0.9
Bergondo	A Coruña	0.9
Negueira de Muñiz	Lugo	0.9
Betanzos	A Coruña	0.9

Táboa 1: Anomalías máis elevadas no mes de febreiro de 2016.

Anomalías <u>máis baixas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Verea	Ourense	-1.5
Vilariño de Conso	Ourense	-1.3
Cervantes	Lugo	-1.1
Pedrafita do Cebreiro	Lugo	-1.0
Castrelo do Val	Ourense	-0.9
Melón	Ourense	-0.9
Celanova	Ourense	-0.9
Bola (A)	Ourense	-0.9
Esgos	Ourense	-0.9
Lobeira	Ourense	-0.9

Táboa 2: Anomalías máis baixas no mes de febreiro de 2016.

A táboa 2 amosa as anomalías máis baixas rexistradas nos concellos galegos, con respecto ao período climático 1981-2010. As comarcas de Celanova e O Ribeiro en Ourense, foron as máis frías.



Nas táboas 3 e 4 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas na Comunidade Galega no mes de febreiro de 2016 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente. As xornadas do 20 e 21 foron as máis calorosas por debaixo dos 1000 m, mentres que en altitudes elevadas o foron as primeiras do mes.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de febreiro de 2016				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
20/02/2016	Pontevedra-Campolongo	Pontevedra	Pontevedra	21.8
20/02/2016	Remuíño	Arnoia	Ourense	20.8
21/02/2016	Costa	Rois	A Coruña	20.7
20/02/2016	Ourense-Estacións	Ourense	Ourense	20.6
20/02/2016	EVEGA Leiro	Leiro	Ourense	20.4
21/02/2016	Ourense	Ourense	Ourense	20.2
21/02/2016	A Granxa	Ponteareas	Pontevedra	20.2
21/02/2016	O Viso	Redondela	Pontevedra	19.9
21/02/2016	Areas	Tui	Pontevedra	19.7
21/02/2016	Cespón	Boiro	A Coruña	19.6

Táboa 3: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de febreiro de 2016 a altitude menor de 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de febreiro de 2016				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
20/02/2016	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	15.4
01/02/2016	Ancares	Cervantes	Lugo	15.2
02/02/2016	A Mezquita	A Mezquita	Ourense	14.9
01/02/2016	Xares	A Veiga	Ourense	14.9
01/02/2016	Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	14.3
01/02/2016	Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	14.2
21/02/2016	San Xoán de Río	San Xoán de Río	Ourense	13.3
01/02/2016	Alto do Poio	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	13.1
01/02/2016	Casaio	Carballeda de Valdeorras	Ourense	12.8
20/02/2016	Xurés	Muiños	Ourense	12.7

Táboa 4: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de febreiro de 2016 a altitude maior de 1000 m.



Nas táboas 5 e 6 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na Comunidade Galega no mes de febreiro de 2016 para estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente. A xornada do día 16 de febreiro foi a máis fría en altitudes altas e baixas.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de febreiro de 2016				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
16/02/2016	Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	-9.8
16/02/2016	Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	-9.2
16/02/2016	Corzos	A Veiga	Ourense	-8.9
16/02/2016	Xares	A Veiga	Ourense	-8.6
16/02/2016	O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	-7.3
16/02/2016	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	-5.9
16/02/2016	Serra do Eixe	O Barco de Valdeorras	Ourense	-5.8
16/02/2016	Ancares	Cervantes	Lugo	-5.7
16/02/2016	Alto do Poio	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	-5.4
16/02/2016	Casaio	Carballeda de Valdeorras	Ourense	-5.1

Táboa 5: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de febreiro de 2016 altitude superior a 1000 m.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de febreiro de 2016				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
19/02/2016	Viana do Bolo	Viana do Bolo	Ourense	-5.8
19/02/2016	Verín-Vilela	Verín	Ourense	-5.8
19/02/2016	Calvos	Calvos de Randín	Ourense	-5.8
19/02/2016	Baltar	Baltar	Ourense	-5.5
16/02/2016	Verín-Vilela	Verín	Ourense	-4.8
19/02/2016	Mouriscade	Lalín	Pontevedra	-4.6
19/02/2016	Sambreixo	Guitiriz	Lugo	-4.3
19/02/2016	Arzúa	Arzúa	A Coruña	-4.0
19/02/2016	Riós	Riós	Ourense	-3.9
19/02/2016	Larouco	Larouco	Ourense	-3.9

Táboa 6: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de febreiro de 2016 altitude inferior a 1000m.

5.4. Evolución da temperatura media no período 1961-2016.

Na figura 6 pode verse a evolución da temperatura media das once estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2016, para esta serie, foi 8.8 °C.




Figura 6: Temperatura media ó longo do período 1961-2016 para febreiro.

A anomalía media da temperatura para este mes de febreiro en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de 0.0 °C, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como normal. Isto foi debido a que as temperaturas mínimas foron máis altas do normal, e as máximas máis baixas do normal.




Figura 7: Evolución da anomalía de temperatura media en febreiro, respecto ó período 1981-2010.

6 PRECIPITACIÓN

As chuvias acumuladas superaron amplamente as normais dun mes de febreiro, debido principalmente ao episodio de borrascas encadeadas e moi activas que tivo lugar entre os días 7 e 15, xa que soamente as precipitacións deses 8 días superaron en moitos lugares o agardado para todo o mes. Na segunda metade do mes a situación tendeu a normalizarse, pero os episodios de chuvia que aínda se rexistraron de xeito intermitente explican o exceso de precipitacións rexistrado.

A chuvia media no mes de febreiro obtida a partir dos valores do mapa foi de 290 L/m². Houbo un gran contraste entre o leste e o oeste da Comunidade. A provincia que rexistrou os valores de precipitación máis altos foi a de Pontevedra, onde se superaron amplamente os valores de 400 L/m², destacando por exemplo, Fornelos de Montes con 662 L/m². Os valores máis baixos acadáronse na Comarca de Valdeorras, con valores inferiores aos 100 L/m².

6.1. Precipitación acumulada mensual Febreiro 2016




Figura 8: Mapa de precipitación acumulada no mes de febreiro de 2016.

6.2. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.

No mapa da figura 9 pode verse o porcentaxe de precipitación no mes de febreiro con respecto a os valores climáticos, sendo o 100% o valor normal. As porcentaxes máis altas déronse no leste da provincia de Lugo, no interior da provincia de Pontevedra, na Baixa Limia, na Comarca do Eume, e parte de Terra Chá. O valor medio para o conxunto do territorio galego foi dun 132.3 % superior ao período de referencia 1981-2010. O sur da Comarca de Valdeorras, presentou os valores máis baixos en porcentaxe, que aínda así, estiveron por riba do normal.




Figura 9: Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1981-2010 do mes de febreiro de 2016.

6.3. Días de chuvia en febreiro de 2016

O número medio de días de chuvia (maior ou igual a 1 L/m²) foi de 16.6. Os valores máximos obtivéronse nas comarcas na comarca do Eume, acadándose ata 21 días de chuvia. Os valores máis baixos estiveron no oeste e sur da provincia de Ourense.




Figura 10: Días de chuvia superior a 1 L/m² durante o mes de febreiro de 2016.

A táboa 7 mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de MeteoGalicia durante o mes de febreiro. Dende as últimas horas do día 11 e durante o día 12 de febreiro acadáronse valores por riba dos 110 L/m² en moitas localidades da provincia de Pontevedra.

Precipitacións acumuladas máximas en febreiro de 2016			
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)
Fornelos de Montes	Fornelos de Montes	Pontevedra	662
Rebordelo	Cotobade	Pontevedra	518
Pereira	Forcarei	Pontevedra	501
Ponte Caldelas	Ponte Caldelas	Pontevedra	498
Xesteiras	Cuntis	Pontevedra	481
Vigo-Campus	Vigo	Pontevedra	480
Serra da Faladoira	Ortigueira	A Coruña	468
Paramos	Val do Dubra	A Coruña	461
Labrada	Abadín	Lugo	444
A Capela	A Capela	A Coruña	440

Táboa 7: Precipitacións mensuais máis altas rexistradas no mes de febreiro de 2016.

Precipitacións máximas en 24 horas (L/m ²)				
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)	Instante de inicio (UTC)
Fornelos	Fornelos de Montes	Pontevedra	184	12/02/2016 3:10
Rebordelo	Cotobade	Pontevedra	146	12/02/2016 2:40
VCampus	Vigo	Pontevedra	146	12/02/2016 3:20
Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	140	12/02/2016 0:30
Agranxa	Ponteareas	Pontevedra	138	12/02/2016 3:30
PCaldelas	Ponte Caldelas	Pontevedra	129	11/02/2016 19:50
Cequeliños	Arbo	Pontevedra	126	12/02/2016 0:50
Queimadelos	Mondariz	Pontevedra	124	11/02/2016 20:00
Pontevedra	Pontevedra	Pontevedra	113	11/02/2016 19:40
A.Poio	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	111	12/02/2016 2:30

Táboa 8: Precipitacións máis altas en 24 horas rexistradas no mes de febreiro de 2016.

6.4. Evolución da precipitación en febreiro de 2016

Na figura 11 pode verse a evolución da precipitación media das 16 estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2016, para esta serie, foi 274 L/m², o valor máis alto dende 1979.




Figura 12: Precipitación ó longo do período 1961-2016 para febreiro.

A anomalía media das precipitacións para este mes de febreiro en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en dezaseis estacións meteorolóxicas representativa, foi dun 136 % por enriba do normal, igualando a porcentaxe acadada en 2014. Isto fai que o mes poida considerarse como extremadamente húmido, o ano máis próximo que supera este valor é 1979.




Figura 13: Evolución da anomalía de precipitación en febreiro, respecto ó período 1981-2010.



7 VENTO

Na táboa 9 móstranse aquelas estacións meteorolóxicas nas que se rexistraron máis de 100 km/h neste mes de febreiro. Foron moitas as xornadas e localidades nas que se superou este limiar en febreiro.

Refachos máximos superiores aos 100 km/h en febreiro				
Data	Estación	Concello	Provincia	Refacho (km/h)
06/02/2016	Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	176.8
06/02/2016	A Gándara	Vimianzo	A Coruña	155.6
06/02/2016	Muralla	Lousame	A Coruña	140.8
06/02/2016	Xesteiras	Cuntis	Pontevedra	138.0
06/02/2016	Punta Candieira	Cedeira	A Coruña	136.9
13/02/2016	Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	130.9
06/02/2016	Fragavella	Abadín	Lugo	124.9
06/02/2016	Serra do Eixe	O Barco de Valdeorras	Ourense	123.2
14/02/2016	Porto de Vigo	Vigo	Pontevedra	121.5
06/02/2016	Burela	Burela	Lugo	118.4
13/02/2016	Ancares	Cervantes	Lugo	118.2
06/02/2016	Lira	Carnota	A Coruña	116.2
14/02/2016	Sálvora	Ribeira	A Coruña	115.4
14/02/2016	Malpica	Malpica	A Coruña	114.8
06/02/2016	Punta Langosteira	Arteixo	A Coruña	111.5
13/02/2016	Serra da Faladoira	Ortigueira	A Coruña	111.5
14/02/2016	Ons	Bueu	Pontevedra	110.2
06/02/2016	A Lanzada	O Grove	Pontevedra	109.8
14/02/2016	Fontecada	Santa Comba	A Coruña	109.7
06/02/2016	Río do Sol	Coristanco	A Coruña	109.0
09/02/2016	Marco da Curra	Monfero	A Coruña	107.9
06/02/2016	Castro Vicaludo	Oia	Pontevedra	106.4
13/02/2016	Cariño	Cariño	A Coruña	105.3
14/02/2016	Courel	Folgoso	Lugo	105.3
06/02/2016	Illas Cíes	Vigo	Pontevedra	104.5
06/02/2016	Fornelos de Montes	Fornelos de Montes	Pontevedra	104.2





06/02/2016	Xurés	Muiños	Ourense	103.8
14/02/2016	Coruña-Dique	A Coruña	A Coruña	102.7
06/02/2016	Vigo-Campus	Vigo	Pontevedra	101.2
09/02/2016	Serra do Faro	Rodeiro	Pontevedra	100.4
14/02/2016	Corrubedo	Ribeira	A Coruña	100.3
06/02/2016	Camariñas	Camariñas	A Coruña	100.0

Táboa 9: Refachos máximos superiores ós 100 km/h en febreiro de 2016.





Destaca nas seguintes táboas o feito do pequeno valor da porcentaxe de calmas, e dos elevados valores que se acadan nos valores de velocidade media que se observan.

PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Lira	Carnota	116.2	SO	7		
		Día 6				
Pta. Candieira	Cedeira	136.9	SO	4		
		Día 6				
Malpica	Malpica	114.8	NO	1		
		Día 14				









PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Marco da Curra	Monfero	107.9	SO	7		
		Día 9				

Táboa 10: Resumo do vento no mes de Febreiro de 2016 na provincia de A Coruña.



PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Burela	Burela	118.4	SO	7		
		Día 6				
Ancares	Cervantes	118.2	SO	10		
		Día 13				

Táboa 11: Resumo vento no mes de Febreiro de 2016 na provincia de Lugo



PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Xurés	Muiños	103.8	O	5		
		Día 6				
Rodicio	Maceda	90.7	SO	6		
		Día 6				
Gandarela	Celanova	87.3	NO	25		
		Día 13				

Táboa 12: Resumo do vento no mes de Febreiro de 2016 na provincia de Ourense.

PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Fornelos	Fornelos de Montes	104.2	N	9		
		Día 6				



PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Ons	Bueu	110.2	O	4		
		Día 14				

Táboa 13: Resumo do vento no mes de Febreiro de 2016 na provincia de Pontevedra.

8 RADIACIÓN SOLAR

8.1. Mapa de irradiación solar mensual




Figura 13: Irradiación mensual ($10 \text{ kJ m}^{-2} \text{ día}^{-1}$) para o mes de Febreiro de 2016.

8.2. Anomalía de insolación con respecto ó valor normal




Figura 14: Anomalía de insolación en % respecto ó valor normal calculado no período 1985-2008.

9 RAIOS

A rede de detección de raios de MeteoGalicia rexistrou 609 raios en Galicia. A provincia de Lugo foi a que máis raios rexistrou. Na figura 15 móstrase a distribución por día dos raios neste mes.




Figura 15: Número de raios rexistrados en Galicia en febreiro de 2016.

A continuación móstrase este número de raios distribuído por provincias.




Figura 16: Número de raios rexistrados por provincias en febreiro 2016.

Na figura 17, pódese ver o total de raios rexistrados en febreiro en Galicia dende o ano 2010 ao 2016.




Figura 17: Número total de raios rexistrados en febreiro dende 2010 a 2016.

MeteoGalicia
Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental
Consellería de Medio Ambiente e ordenación do Territorio
Xunta de Galicia



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2016 Mes: 2

Provincia Estación	T ^a °C				T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada	
A Coruña																											
A Coruña-Torre de Hérculo	11.3	13.6	16.9	5	9.1	4.2	19	160	31.9	10	-	75	86	62	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	20	0	
A Gándara	7.6	9.8	13.3	4	5.6	0.9	27	260	35.6	12	228	88	95	75	26	77	608	26	156	6	972	24	0				
Aldea Nova	8.5	11.1	15.7	21	6.2	2.5	18	295	43.0	12	--	86	95	72	19	56	483	14	86	9	987	25	0				
Arzúa	7.4	10.9	18.7	21	4.0	-4.0	19	324	40.6	12	292	88	97	72	28	84	631	10	74	9	977	24	6				
Camariñas	11.4	13.0	14.9	13	8.8	2.9	19	214	33.3	6	158	76	87	64	31	94	714	23	100	6	1020	27	0				
Cariño	11.2	13.2	16.0	5	8.8	4.4	17	292	42.2	9	246	79	94	67	22	67	584	22	105	13	1019	23	0				
Cespón	10.2	13.8	19.6	21	7.1	0.3	19	424	69.4	12	384	85	97	66	33	100	710	10	85	14	1017	21	0				
CIS Ferrol	10.3	13.5	17.9	21	7.2	1.6	19	273	29.8	12	235	85	99	67	26	77	620	12	78	14	1017	25	0				
Corrubedo	10.9	13.8	16.1	21	8.5	3.8	27	174	19.4	6	127	83	94	67	35	107	753	18	100	14	1018	20	0				
Coruña-Dique	11.1	13.4	15.9	8	8.5	2.8	16	161	30.6	10	--	86	98	69	-	-	-	23	103	14	1020	20	0				
*Costa	9.3	13.2	20.7	21	6.0	-0.9	19	302	37.2	10	--	89	98	72	-	-	-	4	61	6	1001	17	1				
*Coto Muiño	8.0	12.0	19.3	21	4.5	-3.3	19	354	55.5	12	-	91	99	75	-	-	-	5	57	6	-	20	5				
Fontecada	7.7	10.6	16.1	21	5.0	-0.9	19	392	60.4	6	358	86	94	70	27	81	629	15	110	14	978	22	1				
*Guísamo	9.4	12.6	15.8	5	6.6	1.5	19	222	26.9	26	--	79	89	63	-	-	-	5	45	14	1000	18	0				
*Lesende	9.5	12.6	18.0	21	6.6	1.3	19	283	65.6	12	244	80	89	66	31	93	653	6	66	9	1001	21	0				
Lira	9.9	12.1	15.7	21	7.9	3.4	27	157	20.4	17	115	84	95	71	35	104	726	27	116	6	-	19	0				
Mabegondo	9.3	13.4	16.3	4	5.4	-1.7	16	253	37.2	14	222	88	97	73	25	75	613	9	78	14	1010	19	3				
Malpica	9.8	12.1	14.5	5	7.6	3.2	27	193	44.0	10	148	81	93	64	27	82	656	30	115	14	1001	22	0				
Marco da Curra	5.8	8.2	14.4	21	3.7	-0.2	27	435	106.6	12	413	93	98	81	21	64	521	22	108	9	944	25	1				
Melide	6.8	10.5	18.1	21	3.6	-2.8	16	277	49.5	12	250	90	98	75	25	76	568	10	79	6	965	21	5				
Muralla	6.3	8.7	15.2	21	4.2	-0.4	27	426	93.4	12	405	94	99	83	28	83	575	28	141	6	943	24	1				
*O Val	10.2	13.4	16.4	21	7.0	1.0	19	274	29.0	26	-	85	97	70	-	-	-	6	68	14	1013	21	0				
Olas	7.3	10.7	14.4	4	4.3	-1.3	19	292	40.8	27	267	93	100	74	24	71	560	12	81	5	-	23	3				
*Ordes	8.2	11.9	18.0	21	4.7	-2.0	5	285	36.5	27	-	89	97	72	-	-	-	6	68	6	988	24	5				
*Paramos	7.9	10.7	15.7	21	5.0	-0.3	16	461	53.6	12	-	91	98	78	-	-	-	10	73	27	978	24	3				
*Pazo de Galegos	8.9	12.3	19.1	21	5.8	-1.3	19	255	35.6	12	223	90	99	74	26	78	618	5	59	12	994	17	2				
Punta Candieira	9.3	11.0	13.8	4	7.6	4.1	27	160	23.6	10	122	85	96	72	22	65	554	36	137	6	989	24	0				
Punta Langosteira	11.5	13.1	15.6	5	9.2	5.3	16	104	21.4	12	-	80	92	67	26	79	603	25	111	6	1019	16	0				
Río do Sol	6.7	9.1	12.9	21	4.5	-0.2	27	310	39.1	12	286	92	98	79	24	71	556	22	109	6	957	24	1				
*Rus	9.6	13.1	16.9	4	5.9	-0.9	16	279	37.8	27	-	87	97	69	-	-	-	5	78	5	1005	20	1				
Sálvora	11.7	13.6	15.2	4	9.7	5.1	19	193	34.7	12	--	81	92	68	37	111	770	25	115	14	-	23	0				
Santiago-EOAS	8.8	11.8	18.6	21	6.0	-0.9	19	266	33.9	9	231	86	96	70	29	86	652	9	85	6	991	21	1				
Santiago-San Lázaro	8.5	11.3	17.9	21	5.7	-1.5	19	248	33.2	6	--	85	94	70	29	86	638	12	85	9	984	19	1				
Sergude	8.5	12.2	19.3	21	5.2	-1.8	19	240	31.6	12	-	90	99	72	25	75	556	-	-	--	-	21	3				
Serra da Faladoira	6.3	8.5	12.3	21	4.3	0.1	27	468	88.6	12	446	93	98	83	22	66	552	24	111	13	952	24	0				

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2016 Mes: 2

Provincia Estación	T ^a °C				T ^a Mínima °C			Precipitación l/m ²			BHC l/m ²	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día		Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m ²	Veloc. media	Racha max	Día		Med.	Choiva	Xeada
Ourense																								
A Mezquita	3.8	8.0	14.9	2	0.3	-5.0	19	265	74.8	12	227	83	95	66	44	133	856	16	75	27	904	19	15	
*A Portela	7.6	12.5	18.4	21	3.5	-2.5	16	234	70.4	12	194	82	97	58	32	98	696	8	73	13	-	18	5	
*A Trabe	5.8	9.6	14.6	20	2.6	-2.1	19	190	53.9	12	147	81	92	66	45	137	890	6	49	5	930	14	5	
Alto do Rodicio	4.1	6.7	12.5	21	1.6	-3.6	16	274	71.6	12	250	92	99	81	30	92	631	20	91	13	907	19	10	
Amiudal	7.0	10.2	16.1	21	4.1	-1.3	19	333	76.4	12	297	84	94	70	34	103	758	18	100	13	956	17	2	
As Petarelas	6.5	11.3	17.8	21	2.5	-3.3	16	295	87.1	12	-	79	93	58	36	109	807	-	-	--	-	15	7	
Baltar	5.2	9.7	15.3	21	0.6	-5.5	19	238	49.6	12	205	88	100	65	39	118	807	13	74	6	928	20	14	
Cabeza de Manzaneda	0.1	2.8	14.2	1	-2.7	-9.8	16	336	82.5	12	--	86	95	69	31	93	716	--	131	5	824	19	22	
*Calvos	4.5	8.4	14.6	21	0.8	-5.8	19	281	66.4	12	242	90	99	72	35	105	749	13	78	6	-	18	15	
Casaio	3.1	6.4	12.8	1	0.3	-5.1	16	140	27.0	12	--	80	94	56	-	-	-	9	97	6	-	16	14	
*Corzos	2.5	6.4	12.3	1	-0.9	-8.9	16	121	21.7	12	--	86	96	68	-	-	-	9	54	6	-	19	16	
Entrimo	6.1	9.9	16.9	20	3.0	-2.2	16	409	96.8	12	-	87	96	72	33	100	711	-	-	--	-	17	5	
*EVEGA Leiro	8.4	14.5	20.4	20	3.9	-2.2	16	204	44.4	12	-	86	97	60	-	-	-	3	46	6	1009	23	7	
Gandarela	6.9	10.5	17.1	21	3.8	-1.0	16	253	58.7	12	218	87	97	72	32	98	721	12	87	13	949	16	3	
Lardeira	0.9	3.5	14.3	1	-2.0	-9.2	16	167	36.3	12	--	84	96	68	31	95	701	30	177	6	838	18	19	
*Larouco	7.2	11.8	17.8	21	3.1	-3.9	19	193	40.4	12	-	75	89	56	-	-	-	4	46	10	960	17	4	
Laza	6.4	11.4	18.9	20	2.5	-2.8	19	211	65.6	12	171	83	96	62	40	120	796	7	72	14	-	18	7	
Monte Medo	6.5	10.4	16.5	21	3.0	-1.6	16	220	45.4	12	-	83	98	62	31	94	688	-	-	--	-	17	6	
O Invernadeiro	3.5	8.1	15.4	20	-0.1	-5.9	16	423	138.8	12	391	86	97	69	38	113	773	11	83	13	903	18	17	
Ourense	8.7	13.8	20.2	21	4.6	-1.3	16	163	35.4	12	-	81	95	58	-	-	-	-	-	--	-	19	4	
Ourense-Estacións	9.2	14.0	20.6	20	5.4	0.2	16	175	38.2	12	138	81	95	58	28	84	666	4	58	6	1007	17	0	
*Pazo de Fontefiz	8.0	11.6	17.7	21	4.7	-0.9	17	186	32.3	12	148	79	90	63	26	80	642	6	81	13	974	16	3	
*Ponte Boga	7.5	11.6	17.1	21	3.8	-2.3	19	166	32.5	14	124	75	87	58	29	87	673	6	65	6	966	18	4	
*Prado	8.8	13.9	18.9	20	5.0	-1.0	16	169	33.2	12	--	84	94	62	-	-	-	3	46	6	1007	15	2	
Remuíño	8.5	14.2	20.8	20	4.4	-1.6	5	269	76.2	12	236	88	98	63	24	74	630	5	78	6	-	20	5	
*Riós	5.4	10.2	17.1	20	1.5	-3.9	19	183	55.2	12	142	86	97	66	45	137	900	5	45	15	-	16	9	
San Xoán de Río	3.7	7.0	13.3	21	0.9	-4.9	16	210	38.6	12	183	90	98	76	32	96	689	19	97	13	902	19	14	
Serra do Eixe	2.6	5.4	11.3	2	-0.1	-5.8	16	236	58.6	12	181	88	97	73	32	97	677	19	123	6	880	18	13	
Verín-Vilamaior	6.8	11.9	17.5	20	2.8	-2.7	19	151	46.8	12	112	83	96	62	38	116	758	6	61	10	958	18	7	
Verín-Vilela	6.8	13.0	18.3	20	1.4	-5.8	19	123	32.2	12	82	83	97	58	42	126	828	6	65	14	-	14	13	
Viana do Bolo	5.0	9.4	15.0	21	1.2	-5.8	19	124	18.7	12	89	85	97	66	35	107	719	12	74	13	922	17	11	
Xares	0.3	2.9	14.9	1	-2.5	-8.6	16	166	63.4	12	--	83	93	66	35	105	742	--	--	--	824	22	23	
*Xinzo	6.3	10.7	16.9	20	2.1	-3.1	4	155	37.2	12	120	88	99	69	37	112	783	8	62	14	-	16	12	
Xurés	4.1	7.0	12.7	20	1.6	-3.0	27	381	100.4	12	347	90	97	74	29	87	684	23	104	6	900	17	10	

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2016 Mes: 2

Provincia Estación	Tª °C				Tª Máxima °C			Tª Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día		Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día		Med.	Choiva
Pontevedra																										
*A Armenteira	8.6	12.0	17.7	21	5.5	-0.1	19	313	64.3	12	179	89	98	72	30	89	726	7	72	6	-	-	22	1		
A Granxa	9.2	14.3	20.2	21	5.0	-1.6	19	422	128.6	12	385	86	98	64	32	96	685	5	77	14	1018	-	24	5		
A Lanzada	10.4	13.6	16.9	21	7.2	0.6	16	188	36.2	12	148	85	96	70	34	103	681	19	110	5	-	-	22	0		
*Areas	9.7	14.3	19.7	21	5.9	-0.4	19	417	88.4	12	-	87	98	66	-	-	-	3	41	6	-	-	20	1		
*Areiro	10.1	13.6	18.0	20	7.0	2.0	18	294	72.7	12	--	83	95	65	-	-	-	4	50	6	1015	-	18	0		
*As Eiras	10.0	13.9	18.6	20	6.5	0.3	19	343	60.4	12	305	84	96	64	29	89	672	4	58	14	1016	-	21	0		
*Barrantes	9.6	13.5	18.1	21	5.7	-1.4	19	229	41.2	12	194	87	98	69	31	93	651	5	60	6	-	-	19	2		
Caldas de Reis	8.8	12.4	18.9	21	6.0	0.2	19	402	98.7	12	--	89	98	72	29	87	640	-	-	--	989	-	20	0		
*Camanzo	8.6	12.3	18.3	21	5.0	-2.2	16	246	36.7	12	213	89	99	72	28	85	646	8	81	6	997	-	19	4		
Castro Vicaludo	8.1	10.4	15.5	21	5.8	0.5	27	205	22.8	12	173	87	96	74	32	96	600	23	106	6	965	-	19	0		
Castrove	8.1	10.8	17.2	21	5.8	0.4	27	371	84.5	12	340	88	97	75	30	90	642	13	74	6	970	-	20	0		
*Cequelións	8.9	12.8	18.7	21	5.7	0.1	17	398	124.4	12	362	87	99	66	32	96	691	10	71	6	-	-	18	0		
Corón	11.1	13.7	17.6	21	8.6	1.6	19	224	45.0	12	180	86	97	68	37	111	766	18	90	6	1020	-	18	0		
*Entenza	9.3	13.9	19.5	21	5.5	-1.4	19	342	84.2	12	309	89	100	68	29	88	655	3	60	6	-	-	21	3		
Fornelos de Montes	6.4	8.9	16.4	21	4.0	-1.0	27	662	179.2	12	633	88	96	76	30	90	593	21	104	6	939	-	20	2		
Illas Cíes	11.5	13.8	17.1	21	9.4	4.9	27	183	31.6	12	138	83	93	70	39	117	778	16	105	6	-	-	19	0		
*Louredo	8.5	11.9	16.7	21	5.6	0.2	19	311	71.9	12	-	88	97	72	-	-	-	4	55	14	992	-	18	0		
Lourizán	10.3	14.4	19.3	20	7.1	0.4	19	298	73.0	12	263	88	98	70	30	92	693	6	73	14	1015	-	21	0		
*Meder	9.3	13.6	19.0	20	5.8	-1.0	19	353	101.8	12	--	79	89	61	-	-	-	3	43	6	1004	-	21	1		
Monte Aloia	7.6	10.7	17.2	21	5.0	-0.1	27	384	82.4	12	352	89	97	75	27	82	656	11	89	6	965	-	18	1		
Mouriscade	6.8	10.8	18.0	21	3.0	-4.6	19	299	51.8	12	266	89	95	80	31	93	690	8	72	14	962	-	23	9		
O Viso	8.9	13.0	19.9	21	5.9	1.5	27	296	76.0	12	257	85	95	69	33	98	689	15	99	6	990	-	18	0		
Ons	10.6	12.8	16.1	21	8.5	3.6	19	199	33.2	12	153	85	95	71	39	119	810	26	110	14	1008	-	21	0		
*Pé Redondo	10.1	13.5	18.7	21	7.3	1.6	19	293	65.8	12	258	87	96	71	29	88	635	4	66	6	-	-	21	0		
Pereira	5.7	8.6	16.5	21	3.2	-1.2	16	501	81.2	12	-	92	99	79	30	89	661	-	-	--	937	-	24	6		
*Ponte Caldelas	8.2	11.2	16.8	21	5.1	-0.8	19	498	115.8	12	462	83	92	70	32	96	650	7	74	14	979	-	20	3		
Pontevedra-Campolongo	10.6	15.2	21.8	20	7.0	0.4	19	385	101.6	12	--	81	94	61	-	-	-	4	57	6	-	-	19	0		
Queimadelos	8.2	11.4	18.0	21	5.6	0.9	27	423	113.4	12	398	87	95	75	15	45	498	4	63	14	977	-	18	0		
Rebordelo	7.6	11.5	18.2	21	3.9	-1.9	17	518	143.8	12	-	90	99	73	31	92	640	-	-	--	979	-	19	6		
Sanxenxo	10.7	13.9	18.0	21	7.8	2.6	19	231	49.0	12	190	81	93	64	34	102	710	6	98	6	1018	-	20	0		
Serra do Faro	4.0	6.4	13.5	20	1.7	-2.7	27	269	45.9	12	243	91	97	79	29	87	635	25	100	9	906	-	21	11		
*Simes	9.9	13.7	18.5	21	6.4	0.3	19	201	36.0	12	160	85	96	67	36	107	781	4	66	14	-	-	17	0		
*Soutomaior	9.5	12.9	17.9	21	6.7	1.8	19	303	71.3	12	--	74	83	59	-	-	-	4	54	13	1002	-	17	0		
*Torrequintás	10.1	13.8	18.7	21	6.7	-0.8	19	263	57.2	12	218	77	88	60	32	97	676	7	74	6	1013	-	22	1		
*Tremoedo	10.2	13.6	18.0	21	7.1	0.2	19	234	43.3	12	--	78	89	62	-	-	-	6	56	6	1014	-	19	0		
Vigo	10.5	14.0	18.7	21	7.5	1.9	16	249	65.0	12	-	90	100	70	-	-	-	-	-	--	-	-	16	0		
Vigo-Campus	8.3	10.7	15.9	21	6.2	1.0	27	480	137.3	12	441	81	92	64	34	103	705	10	101	6	967	-	19	0		
Xesteiras	5.8	8.1	15.0	21	3.7	-1.3	27	481	76.8	12	-	91	98	80	-	-	-	28	138	6	-	-	23	2		

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.